O CEIP Mosteiro de Caaveiro, de A Capela, leva desenvolvendo desde hai anos un importante traballo de recuperación e posta en valor do xogo tradicional. O proxecto "Brinquedos", encamiñado precisamente a este obxectivo, ven de sumar unha nova contribución, grazas á colección de xoguetes africanos cedida pola axencia de viaxes Cultura Africana. Deste xeito, a iniciativa non só se centra en que os nenos aprendan ó mesmo tempo que xogan, senón que ademais se fomenta a comprensión dunha realidade social descoñecida para eles.

Os nenos de África e A Capela, unidos a través dos xoguetes de "Brinquedos"

Asociacións de inmgrantes complementarán o proxecto coas súas explicacións

MARTA PITA FERROL

A idea do CEIP Mosteiro de Caaveiro (A Capela) de recuperar o xogo tradicional como recurso educativo remóntase ó ano 2001, co inicio dunha colección etnográfica que posteriormente foi trasladada e convertida en museo. A iniciativa tomou forza no ano 2003 co nome de proxecto "Brinquedos" e materializouse no 2006 a través da creación do Centro de Interpretación de Xogos Tradicionais, un parque exterior a disposición dos nenos e nenas da escola con ata 25 xogos diferentes.

A segunda vertente naceu a partir do 2008 coa colección "Brinco", que na actualidade conta con varias plantas: unha dedicada a xoguetes tradicionais galegos, outra a xoguetes africanos e outra na que se pretenden reunir algúns de carácter industrial. Xabier López, mestre da escola e coordinador do proxecto, explica que a intención nesta última é "facer unha mostra dos anos 40 e 50 grazas á colaboración dun amigo que nesa época tiña unha tenda".

De todas estas propostas é especialmente interesante destacar a africana, ó tratarse dunha realidade cultural allea á dos pequenos da Capela, na cal, desde o centro, esperan profundizar máis durante o próximo curso.

Os xoguetes que forman parte dela foron cedidos pola axencia de viaxes Cultura Africana, cuxa colaboración naceu precisamente a raíz dunha das visitas de Xabier a este continente. "Coñecín en Camerún a un galego, Javier Lago, que foi quen montou a axencia. El vendía literatura, arte africana, e foise facendo con algún que outro xoguete". Co tempo esta relación desembocou na colección da que falamos. "Foi el quen nolo propuxo e a idea é permanecer con ela indefinidamente".



O contraste entre os xogos galegos e os africanos amosa as diferenzas sociais entre países

CHOQUE DE CULTURAS

Para os estudantes do colexio, a mostra supón un enorme contraste co que están acostumados a ver, sobre todo polos "materiais con que están feitos, botes de leite, anacos de rodas...". Segundo Xabier, os nenos tenden a facer unha visión máis rápida e son eles, os mestres, os que os empurran a reflexionar sobre o proceso de creación e a realidade social que hai detrás. Ó tratarse de pobos, en xeral, cun maior índice de pobreza, o deseño dos xoguetes corre a cargo dos pequenos africanos, que só contan coa súa imaxinación para fabricalos. Sen embargo, "ó ter menos recursos son máis creativos e incluso máis respectuosos co medio ambiente", algo que, sen dúbida, pode resultar moi instructivo para os rapaces galegos.

Ademais, co obxectivo de entender mellor a cultura africana, "pretendemos contactar con familias e comunidades de inmigrantes para que expliquen ós nenos como xogaban", di Xabier.

Porque é neste aspecto de convivencia nun dos que máis destaca o proxecto "Brinquedos", fomentando desde o principio a relación con outros centros escolares. Nas visitas son os propios nenos os que explican o funcionamento de cada xogo. Pero contactar con colexios africanos é, neste sentido, "un atranco", tanto polo tema do idioma como polo da distancia.

TRANSMISIÓN DE VALORES

A proposta do CEIP Mosteiro de Caaveiro buscaba, desde os seus inicios, converterse nunha alternativa de lecer para os cativos mediante xogos que forman parte do patrimonio lúdico e cultural da comarca. Ademais, desde a escola entenden que estas actividades son de gran utilidade para a formación dos nenos ó transmitir valores de amizade, colaboración e compañeirismo.

Outro punto importante é a experiencia que poden acadar os cativos investigando e construíndo os seus propios "enredos", tal e como os chama Xabier López, con materiais da zona, como se facía antes.

O labor de Brinquedos xa foi recoñecido co primeiro premio no Educacompostela do 2009 e co premio Diario de Ferrol este mesmo ano. Ademais, o proxecto participou na sexta edición das xornadas de ludotecas que se celebraron o pasado 30 de xuño en Bronchales (Teruel).

Con esta recente exposición o colexio segue adiante co seu traballo didáctico, demostrando que o xoguete non só é unha ferramenta de ocio, senón tamén de profundo aprendizaxe. ■

A MAIOR COLECCIÓN DE XOGOS AFRICANOS DE ESPAÑA

Os xoguetes que conforman dita colección comezaron sendo recollidos no ano 1989, da man de Javier Lago, da axencia de viaxes Cultura Africana. Javier foi ano tras ano completando a mostra ata contar coas 193 pezas que hoxe en día conforman este conxunto, moitas delas con máis de 20 anos de historia, o que exemplifica o gran valor cultural desta colección. Son camións, motos, bonecas, ata unha "Copa do Mundo" artesá fabricada por quen sabe que pequeno afeccionado africano ó fútbol. Pertencen a un total de 26 países de todo o continente, como son os casos de Burkina Faso, Camerún, Ghana, Exipto, Kenia, Mali, Nixeria, Tanzania ou Uganda, entre outros. Ten, por isto, un carácter altamente representativo de África, ó non limitarse só a unha zona específica. A colección leva desde 1993 sendo exposta en varios puntos de España e ten á Capela como sede desde este mesmo ano.